

## IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia	Lingua Castelá e Literatura	Páx.	1
Curso	Pendentes 2º ESO		
Profesorado responsable	Carmen Lamas Montero		

### CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

#### 1º EXAME

**Bloque 1 e 2 (Comprensión oral e escrita):**

- A exposición. Partes do texto expositivo. Tipos de exposición. A linguaxe dos textos expositivos.

- A argumentación. Elementos e estrutura do texto argumentativo. Tipos de argumentacións. A linguaxe dos textos argumentativos.

**Bloque 3 (Coñecemento da lingua):**

- Gramática: Clases de palabras. O verbo: valores dos tempos verbais. Suxeito e predicado. Oracións impersonais.

- Semántica: significado denotativo e connotativo.

Sinonimia e antonimia. Homonimia e polisemia

- Ortografía: Til diacrítica

Acentuación de ditongos, tritongos e hiatos. Casos especiais de acentuación

**Bloque 4 (Educación literaria):** Os xéneros narrativos: Narrativa (as lendas) e lírica (análise métrico e recursos estilísticos).

#### 2º EXAME

**Bloque 1 e 2 (Comprensión oral e escrita):**

- Os textos prescritivos. Normas e instrucións. A linguaxe dos textos prescritivos.

**Bloque 3 (Coñecemento da lingua):**

- Gramática: Clasificación das oracións simples segundo o modus. Oracións activas e pasivas. Predicado nominal e verbal; o atributo,

- Semántica: Metáfora e metonimia. Tabú e eufemismo

- Ortografía: Signos de puntuación (paréntese, raia, corchetes, comiñas, dous puntos, puntos suspensivos)

**Bloque 3: Educación literaria**

Os xéneros literarios: o teatro. Tópicos literarios.

### PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

**A) INSTRUMENTOS:**

- Fichas con teoría e práctica
- Exames.

## IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia	Lingua Castelá e Literatura	Páx.	2
Curso	Pendentes 2º ESO		
Profesorado responsable	Carmen Lamas Montero		

### B) CRITERIOS:

#### Fichas: 40%

Semanalmente o profesorado que imparte clase en 2º ESO entregará unha ou dúas fichas coa teoría básica e actividades sobre ela. Unha vez feitas e entregadas, devolveranse corrixidas, explicando os erros cometidos. Avaliarase este traballo sobre 4 puntos.

#### Exames: 60%

Ao longo do curso deberán facer dous exames (parciais) que puntuarán sobre 6. Nos exames entrará unha parte teórica e unha parte práctica seguindo o modelo das fichas.

Para aprobar a materia por parciais é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 despois de sumar a nota do traballo semanal (fichas) e a nota do exame.

De non ser así, terán que presentarse a un exame final de toda a materia que se puntuará sobre 10. Para aprobar é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5.

A nota final da materia para os que teñan que ir ao exame final será a máis alta: ben a nota media dos parciais ou ben a nota do exame final.

O alumnado que non consiga o aprobado mediante este procedemento terá dereito a unha proba de recuperación na que entrarán todos os contidos do curso. Para aprobar a materia será imprescindible sacar unha nota igual ou superior a 4,5.